



Premios COGAMI 2025

Concello de Carballo – Vegalsa Eroski –
Doutor Ángel Carracedo – José Luis Costoya

O presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, fixo un percorrido polos 35 anos de traxectoria da Organización durante o seu discurso inaugural na gala do Aniversario. Foi unha intervención que recolleu as luces e sombras durante estes anos, as metas acadadas e os retos que quedan por superar. Iniciaba Anxo lembrando os primeiros pasos da Confederación que daba “dende un piso alugado no Milladoiro” para logo trasladarse “a un pequeno espazo, prestado por COCEMFE, na sede actual ata consolidarse como unha entidade con puntos de atención nas sete cidades galegas e con atención directa no rural.

Ao longo da súa intervención, repasou o amplo catálogo de servizos que COGAMI ofrece actualmente: atención temperá, servizos de información e asesoramento, centros de día e ocupacionais, formación e emprego, asistencia persoal, accesibilidade, préstamo de axudas técnicas, lecer, apoio ás entidades membro e participación a través da rede de voluntariado.

"Aprobar unha Lei do
< Terceiro Sector e revisar >
o modelo de emprego
protexido"

Aproveitando a presenza de representantes de todos os niveis da Administración Pública, Queiruga ficou na importancia de aproveitar este foro para transmitir “o que aínda temos que facer”. E unha destas primeiras necesidades que quixo trasladar foi sobre a aprobación dunha Lei Galega do Terceiro Sector de Acción Social e Diálogo Civil, que permita regular a participación das entidades coas Administracións Públicas, buscar espazos de traballo en común e marcar cales son as regras da colaboración. “Que se teña en conta que as entidades non só somos xestoras de servizos, senón que temos que participar plenamente na planificación,

desenvolvemento e xestión das decisións que nos afectan”, reivindicaba.

En materia laboral, o Presidente de COGAMI destacou os avances conseguidos nos últimos anos pero advertiu que “falta dar o salto para que as persoas con maiores dificultades poidan acceder a un emprego nunha contorna cada vez máis competitiva”, lembrando que o colectivo segue rexistrando taxas de inactividade e paro “moi superiores” á media da poboación.

Seguindo co tema laboral, fixo un recordatorio de que os centros especiais de emprego “naceron para dar oportunidades laborais ás persoas con discapacidade, o que é moi distinto a empregar a persoas con discapacidade para obter beneficios”, polo que instou a revisar o modelo actual.

“As persoas con
discapacidade non somos
< ladrillos que se poidan deixar >
nun almacén”, lembrou
citando a Domingos Dosil

O presidente tamén quixo chamar a atención sobre a situación das persoas que viven institucionalizadas, cualificando de “absolutamente inaceptable que se poida permitir que a vida de ninguén se vexa sometida ao illamento e á exclusión”. Houbo palabras de lembranza para o fundador de COGAMI e primeiro presidente, “un gran amigo meu, Domingos Dosil, comentaba que as persoas con discapacidade non somos ladrillos que se poidan deixar nun almacén. Que somos persoas e que as persoas só temos unha vida. Ou a aproveitamos ou a perdemos”.

No discurso tamén houbo palabras para lembrar a todas as persoas que viven en soidade non desexada e lembrou a múltiple discriminación das

35 anos de compromiso e reivindicación

Anxo Queiruga repasou os fitos e retos da traxectoria de COGAMI na gala do aniversario



Intervención de Anxo Queiruga, presidente de COGAMI

mulleres e nenas con discapacidade, especialmente vulnerables ante situacións de acoso, e mencionou as dificultades do colectivo LGTBI+ cando se suma o factor da discapacidade e tamén tivo palabras para a inmigración que vén a Europa buscando oportunidades.

Os sobrecustos dos copagos, o cumprimento da lei de accesibilidade foron outros temas aos que fixo referencia durante a súa intervención o Presidente de COGAMI, segundo el mesmo indicaba “quería aproveitar a ocasión para poñer en evidencia as situacións que todas e todos coñecemos, e que conxuntamente temos que solucionar. Non imos conseguilo dun día para outro”.

“Non imos conseguilo
< dun día para outro, pero >
temos que facelo xuntas e
xuntos”

Na intervención de Anxo houbo palabras de felicitacións para as persoas premiadas, de agradecemento para as persoas que presentaron, para as entidades que financiaron a gala, e para as que “día a día lle dades vida a esta Organización: asociacións, voluntariado, profesionais, persoas e entidades colaboradoras... vós facedes familia, a familia COGAMI”, concluía.

Premios COGAMI 2025

Concello de Carballo, Vegalsa-Eroski, o investigador Ángel Carracedo e o honorífico a José Luís Costoya



O Vicepresidente de COGAMI entrega o Premio ao Alcalde de Carballo

Á **Iniciativa Institucional.**

Recaeu no Concello de Carballo por garantir a calidade de vida nun concello cunha contorna accesible; por apostar pola economía social e a contratación reservada, eido no que o Concello de Carballo foi pioneiro; e por contar co movemento asociativo da discapacidade en todos os eidos da súa acción.

O premio, entregado polo vicepresidente de COGAMI, Ramón Sestayo, foi recollido polo alcalde, Daniel Pérez. Despois de agradecer este recoñecemento, Daniel Pérez tivo unhas palabras para o alcalde anterior, Evencio Ferrero, de quen lembrou "sempre

di que Carballo foi pioneiro na contratación reservada a centros especiais de emprego, moito antes de que fose unha obriga legal".

Daniel Pérez lembrou iniciativas de economía social que prestan servizos no municipio de Carballo como son Máis Porvir, Dixardín e Combina Social. Estes tres centros especiais de emprego sen ánimo de lucro levan a cabo traballos en centros escolares, de xardinería -con premios recoñecidos a nivel estatal- e de limpeza no mercado municipal.



A Alcadesa de Santiago entrega o Premio ao Director Xeral de Vegalsa-Eroski

Ao **Labor Empresarial.**

Premio a Vegalsa-Eroski pola súa colaboración coas entidades do Terceiro Sector, tanto asociacións como centros especiais de emprego de iniciativa social, entre eles Hornos de Lamastelle. Tamén se recoñece a esta empresa pola xeración de oportunidades de formación e emprego a persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, ademais da posta en marcha de diferentes campañas de Responsabilidade Social.

Entregou o Premio a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín e recolleuno José Manuel Ferreiro, director xeral Vegalsa-Eroski. "É unha honra recibir este premio que recollo en nome das 8.000

persoas que formamos Vegalsa-Eroski. Esta é unha distinción que nos emociona especialmente porque a responsabilidade social é parte do noso ADN", expresaba José Manuel Ferreiro.

Durante o discurso o Director Xeral tamén apuntaba que manteñen acordos con máis de cen entidades sociais porque, segundo expresou "é fundamental que empresas e institucións asumamos un papel activo na normalización e integración das persoas con discapacidade, promovendo unha inclusión auténtica e equitativa".



O Presidente da Xunta entrega o Premio á compañeira do equipo de investigación de Ángel Carracedo

Premio “Domingos Dosil” á Traxectoria Persoal.

Outorgado ao doutor Ángel Carracedo por ser, xunto ao seu equipo, un referente estatal que presta cobertura a 3,5 millóns de persoas a través da Fundación Galega de Medicina Xenómica, converténdose nun dos servizos xenéticos públicos máis importante de España. Outro dos moitos logros deste investigador é que fundou un grupo de xenética forense e de xenómica comparada de poboacións, situando a Galicia no mapa mundial da investigación en ditos eidos.

O premio foi entregado polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e recollido por Beatriz

Sobrino, membro do equipo de investigación, debido a que Carracedo estaba en Roma inaugurando un congreso.

Antes de marchar, Carracedo deixounos unhas palabras gravadas nas que agradecía a entrega deste premio. "Sinto non estar con vós", empezaba e seguía "estou moi involucrado co voso colectivo, moitos problemas da discapacidade son xenéticos, outros non, son ambientais, outros son a mistura que temos que investigar para entender as causas". Para concluír, animou ao movemento asociativo a continuar, "seguid a traballar todos como un colectivo, é importantísimo para ter visibilidade".



O Presidente de COGAMI entrega o Premio á irmá de José Luis Costoya

Recoñecemento Honorífico para honrar a unha persoa esencial para COGAMI, o noso José Luis Costoya. "Defensor incansable dos nosos dereitos, compañeiro de mil batallas, amigo: ti es COGAMI! Nun día como hoxe é imposible non lembrarnos de ti". Son palabras de Anxo Queiruga para rememorar a traxectoria de José Luis Costoya como defensor dos dereitos das persoas con discapacidade dende a asociación Amarai, en Arzúa e tamén como membro de COGAMI.

O Premio honorífico foi entregado polo presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, e recollido pola irmá de

José Luis Costoya, Nerea Costoya. "Gracias a Jose por todo o traballo que fixo a favor da discapacidade. El estaría encantado con este premio e eu estou honrada de poder recibilo", expresaba Nerea.

Durante a súa intervención, ademais das palabras de recoñecemento polo traballo prestado polo seu irmán, tamén tivo unhas palabras de lembranza para os seus pais aos que lles agradeceu o seu apoio, segundo dixo "a onde chegamos foi grazas a eles".



Marc Simón, subdirector xeral de Social de Fundación "la Caixa"

A importancia de manter no tempo os proxectos que transforman vidas

Dende Barcelona viaxou Marc Simón, o subdirector xeral de social de Fundación "la Caixa", unha das entidades colaboradoras da gala do 35 Aniversario de COGAMI.

Simón puxo en valor o traballo desenvolvido por COGAMI ao longo dos anos e a necesidade de dar continuidade aos proxectos que xeran un impacto real nas persoas. "Os proxectos que axudan de verdade ás persoas teñen que durar no tempo, porque só así se recolle o froito do traballo feito", afirmou.

Fixo un recoñecemento ás persoas usuarias e ao compromiso de quen traballa para mellorar a súa calidade de vida. "É moi valioso que haxa quen, sen ter a obriga de facelo, se dedique a buscar recursos para que todo isto sexa posible e se pregunte constantemente que máis se pode facer", subliñou. Concluíu lembrando o espírito que, segundo el, define a COGAMI: "sempre crestes nas persoas, e son elas mesmas as que poden atopar a solución á situación na que se atopan".



Goretti Sanmartín, alcaldesa de Santiago

Goretti Sanmartín: "Poñer no centro a quen sempre ficou na marxe é unha das maneiras máis poderosas de mudar a sociedade"

A alcaldesa de Santiago de Compostela, Goretti Sanmartín, acompañounos durante a celebración do 35 Aniversario e foi a encargada de entregar o premio ao Labor Empresarial que recaeu en Vegalsa-Eroski.

Durante a súa intervención, a Alcaldesa destacou o cambio de paradigma social que supón o traballo da Organización. "Durante moitas décadas, o papel forzado de moitas persoas con discapacidade foi vivir nas marxes, no lateral da vida, e non por falta de talento nin de forza, nin de soños, senón porque había un guión social mal escrito, cheo de prexuízos e estereotipos, con decorados intransitables", explicou.

Sanmartín quixo recoñecer a valentía das persoas que impulsaron este cambio: "Temos que agradecerlles ás persoas que están

na vangarda social, que decidiron dar un paso adiante con valentía e dicir: isto non nos gusta, esa vida que está reservada para nós non é a que queremos".

A rexedora municipal tamén subliñou o valor transformador do traballo de COGAMI ao longo destas tres décadas e media: "Hai moitas formas de facer país, pero poucas tan xustas como esta: poñer no centro a quen sempre ficou na marxe é unha das maneiras máis potentes e máis poderosas de mudar a sociedade".

Para rematar, Sanmartín lembrou que a nosa Organización "fixo algo fundamental nestes 35 anos: cambiar a nosa forma de mirar, entender que temos que ir máis amodo, ser máis sustentable e aprender a relacionarnos coas diferenzas, coas capacidades diversas e coas vidas plenas máis alá dos estereotipos".



Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia

Alfonso Rueda comprométese a impulsar a Lei do Terceiro Sector e destaca o papel reivindicativo de COGAMI

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, puxo en valor durante o acto conmemorativo do 35 aniversario de COGAMI o carácter reivindicativo e transformador da entidade, así como o seu papel fundamental na inclusión social e laboral das persoas con discapacidade.

“Unha organización ten que ser realmente o que fai, ser reivindicativa, e iso é o que vos levou a empezar nun pequeno piso no Milladoiro e chegar agora a encher esta sala da Cidade da Cultura”, afirmou. Rueda destacou a evolución e solidez de COGAMI, “cun fundamento empresarial serio, inclusivo e potente, capaz de competir en igualdade e, ao mesmo tempo, de ocuparse das persoas”.

O presidente galego salientou tamén o valor do movemento asociativo como ferramenta de cambio:

“As persoas con discapacidade sodes parte activa, valiosa e imprescindible da nosa sociedade. Para reivindicar todo isto hai que agruparse, asociarse e influír nun mundo tan competitivo”. Nese sentido, destacou a importancia dun movemento “sólido, comprometido e reivindicativo, con capacidade para entender o que se demanda e tamén para trasladar e aplicar os acordos acadados”.

Para concluír, Rueda anunciou o seu compromiso de avanzar na tramitación da futura normativa autonómica: “Asumo o compromiso de redactar, e espero que aprobar, co consenso maioritario e, se pode ser, unánime de todos os grupos do Parlamento, a Lei do Terceiro Sector, que dignifique, axude e poña no seu lugar os dereitos cara á inclusión das persoas con discapacidade”.



Alberto Durán, vicepresidente executivo da Fundación ONCE

O papel do emprego como motor de autonomía e recoñecemento

Desde Madrid llegaba al evento del 35 Aniversario de COGAMI, Alberto Durán, vicepresidente ejecutivo de la Fundación ONCE.

En su discurso, Alberto Durán hizo hincapié en la importancia que tiene el empleo en la vida de las personas con discapacidad, destacando su valor transformador. “El empleo es fundamental para cambiar la vida de cualquiera, pero para una persona con discapacidad es mucho más: es autoestima, es reconocimiento, es autonomía. El empleo son muchas cosas”, aseguró.

Durán también subrayó la necesidad de hacer balance del trabajo desarrollado por la Confederación a lo largo de los años. “Es necesario hacer ese repaso, esa evaluación, porque todo lo que hacéis es necesario”, afirmó. Como defensor de los derechos de las personas, Durán apuntó que COGAMI “busca soluciones a sus necesidades en toda Galicia, y pone en valor el trabajo que realiza en todos los ámbitos de la vida”.

Faladoiro con Laura Quintas e José Paz: o cambio das súas vidas



De esq. a dta. Roberto Vilar, Laura Quintas, José Paz e Eva Millán

Durante a mesa redonda organizada no 35 aniversario de COGAMI, Laura Quintas e José Paz compartiron experiencias persoais, destacando como a entidade supuxo un punto de inflexión nas súas vidas.

José, deportista de tiro con arco e aspirante a participar nas Paraolimpíadas de California 2028, explicou: “Tardaron 20 anos en diagnosticarme a enfermidade, con dor as 24 horas, e tes que adaptarte e tirar cara adiante. Cheguei a COGAMI, entrei a través CEGADI e a partir de aí foi un cambio absoluto na miña vida”. Engadiu que descubriu un novo mundo: “Agora, ademais de deporte, dou charlas e poño a miña

voz á disposición doutras persoas con discapacidade”.

Laura destacou o valor do colectivo e da visibilidade: “dende a Asociación Galega de Hemofilia sempre tivemos claro que, a pesar de ser poucos, sempre é mellor sumarnos e facer máis”. Engadiu tamén que “o problema das discapacidades orgánicas é que, se non se ve, a xente non empatiza contigo”.

Ambos coincidiron en que COGAMI lles permite desenvolverse e contribuír a cambiar a percepción social sobre a discapacidade.

Música en directo con Kim García trío e a voz de Carmen Rey



Actuación en directo

O evento do aniversario contou cun fío condutor dende o inicio ata o peche: música en directo a cargo de Kin García Trío, unha formación

integrada por contrabaixo; piano, da man de Jacobo de Miguel; e batería, Noli Torres; acompañados por Carmen Rey, á voz.

Eva Millán e Roberto Vilar, presentadores da Gala



Eva Millán e Roberto Vilar

“Benvidos ao 35 aniversario de algo tan bonito como COGAMI”. Con estas palabras iniciaba a gala coa que COGAMI celebrou tres décadas e media de traxectoria.

A condución correu a cargo de dúas caras moi coñecidas da televisión e da radio. Por unha banda, Eva Millán, xornalista de Radio Voz e presentadora do programa matinal Un café con Eva, quen achegou ao acto a súa elegancia e proximidade. Acompañouna Roberto Vilar, humorista e presentador do popular programa Land Rober Tunai Show da Televisión de Galicia, que puxo o seu toque de humor e espontaneidade á celebración.

Ambos encargáronse de presentar as distintas actuacións, vídeos e intervencións que compuxeron o programa do aniversario, facendo gala dunha grande complicitade e conseguindo que o público gozase dun evento cheo de emoción, recoñecemento e tamén de sorrisos.

Durante a súa intervención, o presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, agradeceu publicamente a colaboración desinteresada de Eva e Roberto. O resultado foi unha celebración amena, dinámica e chea de momentos especiais, que conseguiu reflectir o espírito de COGAMI: traballo en equipo, compromiso e alegría compartida.

Un recoñecemento único deseñado por Nando Álvarez



Deseño dos premios entregados

Os premios entregados durante o 35 Aniversario de COGAMI, ademais de ser recoñecementos públicos que outorgan notoriedade, tamén son pezas únicas deseñadas para a ocasión.

O artista de Mos Nando Álvarez, escultor internacionalmente recoñecido, foi o encargado de dar vida a estes galardóns, pezas exclusivas talladas en madeira, que simbolizan o camiño cara ao crecemento persoal, a autonomía e a inclusión social.

"Os meus traballos son sempre pezas de formas abstractas inspiradas en elementos da natureza coma o vento, a auga, o lume... elementos sen unha forma determinada pero que se dan moitas veces nun continuo estado de cambio e de adaptación ao seu medio", son palabras do escultor para describir a súa obra.

"Mentres traballaba nestas pezas, dinme conta que algunhas das características do meu traballo son valores compartidos con COGAMI, unha enerxía que convida a moverse, que inspira e que busca o benestar das persoas", explica o Nando García sobre as pezas creadas.

O centro de atención diúrna de Mos emociona cunha posta en escena sobre a autonomía e a toma de decisións



Persoas usuarias do servizo de atención diúrna de Mos

"Aquí está Ela, quieta, como unha marioneta que outros moven. Deixarse levar, non decidir, non loitar. Nunca lle ensinaron que Ela tamén ten dereito a elixir o que lle gusta e o que non. Moitas veces trátannos como se non puidésemos decidir, tan só por ter unha discapacidade". Con estas palabras iniciaba a peza interpretativa creada polas persoas usuarias do servizo de atención diúrna de COGAMI en Mos.

A través da imaxe dunha muller atada e manipulada como unha marioneta, a actuación denunciou situacións reais de dependencia e falta de autonomía que viven moitas persoas con discapacidade.

Foi unha posta en escena poderosa, que fixo reflexionar e emocionou a partes iguais, reivindicando con forza unha mensaxe clara: o dereito a decidir.

A asociación ÁMBAR, a través de Elas, reivindicou a igualdade sobre o escenario



Persoas usuarias de AMBAR durante a actuación

Elas, o grupo de artes escénicas da asociación Ambar, foi outras das actuacións interpretadas durante a gala do aniversario de COGAMI.

Dende a comarca da Barbanza, oito mulleres interpretaron Elas, peza que manifesta a loita contra a violencia de xénero. Contou coa colaboración de mulleres

doutros servizos da comarca na súa elaboración e co asesoramento profesional de Clara Ferrao.

A través da arte como altofalante, Elas recolle vivencias na loita pola equidade, rexeitando calquera forma de violencia contra as mulleres e promovendo a sororidade e o apoio mutuo.

35 Aniversario COGAMI: un día que contou con moito apoio



Un día de celebración na compañía de 800 persoas

A celebración do 35 Aniversario de COGAMI foi unha xornada de encontros, de relacións institucionais do eido local, provincial, autonómico e estatal, de charlas con compañeiras e compañeiros, co tecido empresarial, con profesionais do Terceiro Sector achegados de toda Galicia, de Cantabria, de Asturias, de Madrid e de Barcelona. Foi unha tarde para compartir, para visibilizar e para sensibilizar.

COGAMI foi quen de congrega arredor de 800 persoas na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, nun espazo reservado para grandes eventos da cultura galega como a entrega das Medallas de Galicia.

Acompañáronnos autoridades como o Presidente da Xunta; a Alcadesa de Santiago; o Presidente do Parlamento; a Conselleira de Política Social; o Conselleiro de Educación; a Voceira Nacional do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; a Secretaria Xeral do PP de Galicia; a Deputada de Política Social da Deputación da Coruña e o Subdelegado do Goberno de A Coruña.



Contamos coa presenza de 29 alcaldes e alcaldesas, 11 primeiros tenentes de alcalde e alcaldesa, así como de concelleiras, concelleiros e o resto da corporación municipal, xunto con máis de 40 representantes do tecido empresarial galego.

As persoas que posaron no *photocall* fixérono diante da imaxe das entidades colaboradoras que fixeron posible este evento: a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación "la Caixa", COGAMI Empresarial e a Fundación da Cidade da Cultura de Galicia.





O valor das persoas: a campaña Eu Decido

COGAMI iniciou o ano coa presentación de Eu Decido, unha campaña audiovisual que sitúa ás persoas como protagonistas absolutas. A través dos seus propios testemuños, persoas usuarias dos diferentes servizos de COGAMI (formación, emprego, voluntariado, promoción da autonomía persoal, atención temperá, centros de día, accesibilidade, lecer ou apoio ás entidades membro) comparten a súa experiencia sobre como estes recursos lles permitiron

avanzar cara ás súas metas, o seu proxecto de vida. Once meses despois, faise balance dunha campaña difundida en redes sociais que pon no primeiro plano a experiencia e o valor persoal de cada quen.

En Eu Decido, Damián, Emelie, Duarte, Fátima, Elena, Moncho, José Luís, Carmen, José, Lea, Eladio, Gabri, Dani, David, Isidoro e Bibiana abren unha ventá ás súas vivencias. Explican o momento vital no que chegaron a COGAMI, a necesidade concreta que tiñan e o cambio que experimentaron ao recibir unha

resposta axustada ao seu propio camiño. A entidade actúa como ferramenta e a persoa, co seu proceso e decisións, constrúe o avance que relata.

En conxunto, esta campaña sitúase no marco ético que guía a acción de COGAMI, en coherencia cos dereitos, a dignidade e a participación plena das persoas, principios que a Confederación asume como propios e que a campaña visibiliza.

Porque en COGAMI, Eu decido significa que cada historia importa, e cada persoa tamén.



Protagonistas da campaña Eu Decido



Visite nuestras oficinas en:

<p>A Coruña Rey Abdullah nº 9 Tel.: 981 140 250 E-mail: eop.galicia@eoprim.es</p>	<p>Santiago de Compostela Fernando III El Santo 31-33 Tel.: 981 591 192 E-mail: eop.santiago@eoprim.es</p>
<p>Ourense Cruceiro Quebrado 10 Tel.: 988 391 285 E-mail: eop.ourense@eoprim.es</p>	<p>Vigo Zamora 94 Tel.: 986 413 333 E-mail: eop.vigo@eoprim.es</p>

desde 1870...

...al Servicio de la Salud



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE